

# O IES García Barros convértese en centro creativo de referencia en España

► Miguel Carbajal é o mentor dun taller que colleita éxitos a nivel nacional. A súa última obra premiada é 'Dairas', unha animación en plastilina que recibiu un galardón do Ministerio de Cultura



Unha das integrantes do taller de creación modelando ós actores da curtametraxe. Á dereita, unha das escenas de 'Dairas'. TALLER DO IES GARCÍA BARROS



## RAQUEL TORRES

A laim@diariodeponvedra.es

A ESTRADA. O taller de creación artística do instituto Manuel García Barros da Estrada vai camiño de converterse nun referente académico-artístico en España, na demostración de que, por moi arriscadas que semellen algunhas propostas, é posible sacalas adiante con ilusión e mil doses de incansable traballo. O obradoiro acaba de recibir o premio Create 2010 pola curtametraxe 'Dairas', unha novidade aposta stop motion, de animación en plastilina.

O galardón concédeo o Ministerio de Cultura, está dotado con 23.000 euros e supón o recoñecemento da iniciativa como centro creativo de referencia a nivel estatal. O seu mentor é o profesor Miguel Carbajal, que guionizou e dirixiu a obra, na que participaron unha trintena de alumnos de Segundo curso da ESO e de Primeiro de Bacharelato, dos cales 13 se encargaron da complexa montaxe.

O traballo, de vinte minutos de duración, tamén recibiu o terceiro premio no Festival Internacional de Cine de Ourense e foi seleccionado fóra de concurso para a súa exhibición en Curtopía de Vigo e Corto Mieres, en Asturias. 'Dairas' é, á vez que unha rompedora

e coitada proposta de creación audiovisual, unha lección didáctica e cultural.

A lectura da carta dos Dereitos Humanos, nas linguas árabe e galega, supón o inicio da curtametraxe, que ten no campamento de refuxiados saharais de Tinduf a súa base documental. A partir de aí, 'Dairas' -o nome dos pobos onde viven os refuxiados saharais- conta unha historia tenra e dura á par, cun final que ten moito de renuncia, pero tamén de superación persoal. Ahmed, o pequeno, en idade, e gran personaxe deste traballo audiovisual, é levado a un campamento de refuxiados logo de ser rescatado dun conflito bélico no deserto. É un neno loitador, que ten a seu pai, que estuda fóra, como referente. Esa é a base da paixón que sente Ahmed pola lectura e que o levará a ter que separarse da súa nai para emprender unha vida nova para ter un futuro mellor.

**A TEIMA DO FILLO.** Foi a teima do fillo de Miguel Carbajal, Abel, de intentar unha montaxe de vídeo a base de grabacións feitas cunha cámara fotográfica a que lle deu pé a seu pai para propoñer a idea no claustro de profesores do García Barros dunha 'curta' de ani-

mación en plastilina. Enseguida atopou receptividade, aínda que nin el mesmo confiaba en que saíra adiante un traballo tan complexo, no que se botou man ata a cartóns de leite para representar ás 'jaïmas', o que demostrou que para que unha idea creativa saia redonda fan falla máis ganas cá presuposto.

De feito, o que gastou o taller de creación artística do García Barros na elaboración da 'curta' foron 100 euros. Os 600 de subvención que obtiveron do Concello de A Estrada

dedicáronos a un cursiño para os rapaces sobre técnicas stop-motion. Iso si, segundo relata Carbajal, «foi unha tolema de traballo», pero pagou a pena. As once mil fotografías que se chegaron a tomar son a mellor proba do inxente esforzo que fixeron os alumnos e os catro profesores implicados (o propio Carbajal; Álvaro Pérez Vilaríño, que se encargou da parte informática; María José Varela, que traballou os debuxos, e Xoán Xosé Pérez Viéitez, que se ocupou da área de plástica.

## A primeira vez que un centro galego obtén o 'Create'

O Instituto Manuel García Barros da Estrada é o primeiro centro de ensino de Galicia que consegue o premio Create do Ministerio de Cultura. O galardón supón tamén un fito na xa dilatada traxectoria do taller de creación artística do instituto. De feito, este nacera no 2004 ó abeiro dunha obra de teatro 'Danza

das bruxas', na que a música e a expresión corporal -que coordinou a profesora Man Villar- eran as auténticas protagonistas. Aquele primeira obra xa resultara premiada. Quedou no primeiro posto do certame Teatro na Vanguarda. O mesmo éxito colleitou, en 2008, a peza teatral 'Dormes', na que tamén se combinaban teatro, música, expresión corporal e proxeccións audiovisuais. Obtivo o primeiro premio Buero Vallejo e o premio extraordinario do público no Certame de Teatro do Miño.

## La Guardia Civil estrecha la vigilancia ante la oleada de robos, que continúa

DEZA/TABEIRÓS. La Guardia Civil de Deza-Tabeirós intensificó en los últimos días los controles en las carreteras, pero también las rondas que efectúan las patrullas de Seguridad Ciudadana en el rural, con el fin de estrechar el cerco sobre los autores de los numerosos robos que se están registrando tanto en casas como en establecimientos comerciales, a los que se suman las sustracciones de vehículos y hurtos en el interior de los mismos.

Entre los últimos sucesos de este tipo, cabe lamentar el atraco a la gasolinera de Soutelo de Montes, a cuyo dependiente amenazaron y golpearon con palos cuatro individuos con la cara cubierta con un pasamontañas. Le robaron la recuadación, unos 1.500 euros.

## El presidente de la Xunta visita esta tarde el municipio de Lalín

LALÍN. El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, inaugura hoy el multiusos Lalín Arena, que ya se había estrenado en julio con el concierto de Sabina, que también acogió la Copa Xunta de Galicia de Baloncesto y que comenzó a funcionar con gimnasio y spa el pasado día 15.

El acto inaugural está previsto para las 19.30 horas y al finalizar, el titular del Ejecutivo Gallego, el alcalde de Lalín, Xosé Crespo, y el nutrido grupo de representantes del mundo de la política autonómica y del deporte asistirán al partido internacional que disputarán las selecciones de balonmano de España y Lituania. El encuentro comenzará a las 20.30 horas y se espera un lleno total: más de 2.000 personas.

## Repararán los desperfectos del vial Silleda-Laro

SILLEDA. La Xunta adjudicó las obras de reparación de las deficiencias que había ocasionado la reforma de la carretera Silleda-Laro. El importe de las actuaciones, contratadas a Marco, Obras y Proyectos, será de 55,70 euros y el acta de replanteo se firmará mañana.

Entre las actuaciones previstas figuran el acondicionamiento

de la glorieta situada en Laro, la adecuación de los caminos de servicio que se encuentran a lo largo de todo el vial y la colocación de rejillas en los accesos a las viviendas que se encuentran a pie de la carretera en la zona de Gouxá. Las obras se hacen después de las gestiones del Gobierno de Ofelia Rey, que escuchó las demandas vecinales.

## El Mundo de Abba, en el Teatro Principal de A Estrada el día 13

A ESTRADA. El espectáculo The World of Abba, que ha cosechado un enorme éxito en España y en varias ciudades Europeas y que surgió a raíz de la película Mamma Mia para recrear sobre un escenario de teatro la trayectoria del mítico grupo sueco de los años 70 y 80 llega al Teatro Principal de A Estrada el próximo 13 de noviembre, sábado. Habrá dos pases, a las

18 y a las 20 horas. El coste de las entradas, que se ponen a la venta hoy en el departamento de Cultura de 9 a 14 horas, es de 18 euros. También se pueden adquirir en Caixanova por un euro más.

La representación del Mundo de Abba combina la actuación de 20 artistas, músicos y técnicos, con elementos audiovisuales, como la proyección de imágenes sobre

el escenario que recuerdan la trayectoria del discotequero grupo. The World of Abba cuenta con artistas que han participado en los más importantes musicales del momento, como la primera voz solista Eva Manjón, que interpretó a Campanilla en Peter Pan o la primera bailarina Orietta de la Peña, que participó en los musicales de Nacho Cano.

Los asistentes al espectáculo podrán disfrutar de algunos de los éxitos que dieron proyección mundial a Abba, como Dancing Queen o Waterloo.